



Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b) Artículo 60.1 y 63 FEMP
Aplicación de EDLP. Proxectos financiados polos GALP (incluídos os custos de funcionamento e animación)
Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%

INSTRUCCIÓN Nº 4

SOBRE O CONTIDO DOS INFORMES DE AUDITORÍA

A cláusula vixésima do convenio de colaboración asinado pola Consellería do Mar e os Grupos de Desenvolvemento Local das zonas de Pesca (GALP), no referido ás **funcións dos ditos grupos** no procedemento de concesión de axudas durante a **fase de xustificación**, establece que os GALP, como entidades colaboradoras da Consellería do Mar na xestión e control das axudas, **deberás remitir un informe de auditoría** con cada certificación que presenten á Consellería do Mar. Este informe de auditoría será elaborado por un auditor externo, inscrito no ROAC.

Por outra banda, o convenio de colaboración recolle na cláusula décimo quinta que determinados gastos de funcionamento, entre os que está a asistencia á xestión en aspectos puntuais, como pode ser a elaboración dos informes de auditoría esixibles de acordo coa cláusula vixésima, son subvencionables. No mesmo sentido, a Orde de 24 de maio de 2016, reguladora das bases para a concesión de axudas a proxectos ao abeiro das EDLP, presentados polos promotores locais, recolle no seu artigo 26.7 a obriga de elaborar un informe de auditoría para cada un dos proxectos xustificados.

Segundo se recolle no punto 2 da cláusula vixésima segunda do convenio, relativa á normativa aplicable á xestión e control dos fondos asignados ao GALP para a execución da EDLP, a Consellería do Mar poderá establecer regras complementarias e ditar instrucións para precisar as funcións e obrigas do GALP e para facilitar a execución da EDLP.

Polo anteriormente exposto, dítase a seguinte **INSTRUCCIÓN**:

1. O informe recollerá como mínimo os seguintes puntos:
 - a) Propósito do informe
 - b) Tipo de xustificación (parcial/final)
 - c) Datos do proxecto:
 - Promotor
 - Proxecto
 - Tipo proxecto
 - Descrición do proxecto
 - Presuposto total do proxecto
 - Presuposto total concedido (custo subvencionable)
 - Axuda total concedida
 - Prazo de execución
 - d) Táboa que conteña cada unha das liñas/conceptos de gasto, e que, ademais da axeitada descrición e identificación de cada un dos gastos (provedor, NIF, concepto, nº factura, etc.) integre as seguintes columnas: Gasto certificado polo promotor; Importe subvencionable segundo a resolución; Importe admitido/verificado por auditoría; % por cento imputado.

Nos supostos no que a descrición dos gastos xustificadas polo promotor non coincidan exactamente cos conceptos subvencionables incluídos na resolución de concesión de axuda, o informe de auditoría relacionará na antedita táboa cada detalle de gasto co concepto subvencionable correspondente.



Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b) Artículo 60.1 y 63 FEMP
Aplicación de EDLP. Proxectos financiados polos GALP (Incluídos os custos de funcionamento e animación)
Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%

2. No proceso de revisión da documentación que presenta o promotor e achega o GALP como xustificación dos gastos e investimentos realizados, aplicaranse os seguintes procedementos:
- Verificación do soporte documental xustificativo dos gastos certificados pola Entidade (factura ou documento contable de valor probatorio equivalente).
 - Comprobación dos pagamentos realizados, mediante o exame dos correspondentes documentos xustificativos de cargo en conta bancaria, con identificación do beneficiario.
 - Comprobación do rexistro contable dos gastos e dos pagamentos realizados.
 - Inspección física, se procede, dos gastos certificados e da actividade ou investimento subvencionados.
 - Comprobación do cumprimento da normativa aplicable en materia de elixibilidade do gasto certificado (período de elixibilidade, concepto do gasto, actividade subvencionada, que sexa gasto efectivamente pagado, etc).
 - Comprobación do cumprimento da normativa aplicable en materia de contratación de obra, subministración, asistencias técnicas ou calquera outro tipo de contratación.
 - Comprobación do cumprimento da normativa aplicable en materia doutras axudas.
 - Comprobación do cumprimento da normativa aplicable en materia de información e publicidade.
 - Comprobación do cumprimento da normativa aplicable en materia de medio ambiente se procede.
 - Verificación da existencia dun sistema de contabilidade separado.

A relación da normativa aplicable empregada para a emisión do informe achegarase como anexo e incluírá como mínimo a normativa de aplicación recollida na orde de bases reguladoras das axudas e na resolución de concesión.

Realizarase unha visita de inspección física na que se comprobará a efectiva existencia dos bens obxecto de axuda, que será realizada no prazo máximo de 15 días dende a data de xustificación da axuda.

En base ao traballo realizado, o informe certificará, positiva ou negativamente, a xeito conclusivo, se:

As subministracións de bens, as prestacións de servizos e, en xeral, a actividade subvencionada cuxo custe se certifica foron efectivamente realizadas e se os gastos declarados na certificación son subvencionables, están soportados con facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente e están pagos.

Nos supostos de certificación negativa indicárase con claridade en que aspecto concreto se identifica o incumprimento.



Santiago de Compostela,
A directora xeral

15 XUN 2016

Susana Rodríguez Carballo